



**Ast.º: Certificado decreto da adxudicación**  
**Ref.ª: Expdte. O. 02/12 – C. O. 01/11**

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día quince de outubro de dous mil doce (15.10.2012) o sr. Presidente adoptou a resolución contida no decreto que de seguido se transcribe:

<< Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña,>>  
(...) << a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente O. 02/12 – C. 01/11, incoado para a contratación das obras de "Muro de contención de terras na parcela da sede administrativa do Consorcio, segundo o proxecto técnico aprobado por esta Presidencia en 10 de agosto de 2012, e atendidos os seguintes

**antecedentes:**

1. Que o expediente se tramita de xeito ordinario e mediante procedemento negociado sen publicidade, xustificando este extremo, en que o prezo do presuposto do contrato, segundo o documento técnico das obras, non supera a contía establecida polo art. 171.d) en relación co art. 177.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, resultando ser inferior ao que estas disposicións establecen como límite máximo para utilizares este procedemento (171.d) sen publicidade (177.2).
2. Que, o expediente, logo dos correspondentes informes, incluída a súa fiscalización, apróbase por esta Presidencia en resolución do 20 de agosto de 2012.
3. Que, en consonancia co anterior e tal como reflicte a cláusula 2ª do prego de administrativas particulares o prezo da licitación do contrato (coa partida do I.V.E. excluído), ascende á cantidade de 198.456,77€.
4. Que constan no expediente que se cursaron catro invitacións e que foron recibidas por empresarios capacitados tal e como require a Cláusula 10ª do prego de administrativas particulares e que, rematado o prazo para a presentación, presentáronse dúas ofertas.
5. Que, de conformidade co indicado prego, e logo do establecido pola cláusula 16.1, clasificáronse por orde decrecente tendo en conta que establecese na súa cláusula 15ª do prego de administrativas particulares que os únicos criterios de negociación, estaban constituídos pola baixa no prezo e no prazo de execución das obras.
6. Que finalmente, requirida formalmente a empresa clasificada en primeiro lugar, a mesma, presentou, en tempo e forma, a documentación ao esixida, incluíndo o documento acreditativo da garantía definitiva.

En consideración ao expediente tramitado, realizadas as actuacións establecidas nas cláusulas, 14, 15 e 16 (ap. 1 e 2) e, en aplicación do establecido na cláusula 16ª.3 e concordantes do prego de cláusulas administrativas citado así como en relación coa Disposición adicional segunda do indicado texto refundido Lei de Contratos do Sector Público, mediante o presente

**RESOLVO:**

**1º.** Aprobar o proceso de licitación realizado por entender que o mesmo queda axustado ao establecido nas cláusulas 9ª e seguintes do prego de administrativas particulares que rexe no expediente O. 02/12 – C. 01/11, aprobado por esta Presidencia mediante resolución contida no decreto de data 20 de agosto de 2011.

**2º.** Adxudicar o contrato para a execución das obras comprendidas no referido expediente a "CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMÁN MOUZO, S. L.", polo prezo e prazo de execución por este ofertado, e que melloran os establecidos inicialmente, e en todo caso, consonte ao seguinte:



- a) O prezo do contrato ascende á cantidade de 197.000,00€ (cento noventa e sete mil euros), máis a partida correspondente ao I.V.E. vixente, de acordo co seguinte:

	CIFRA	LETRA
Prezo base ofertado	<b>197.000,00</b>	Cento noventa e sete mil euros.-
Imposto sobre o valor engadido (21%)	41.370,00	Corenta e un mil trescentos setenta euros.-
Total ofertado incluído o I.V.E.	238.370,00	Douscentos trinta e oito mil trescentos setenta euros.-

- b) O prazo de execución das obras ascende a 150 días naturais.  
c) Asemade, deixar establecido que o contrato rexerese:  
- Polo disposto na presente resolución de adxudicación.  
- Polo prego de cláusulas administrativas particulares aprobado en 20 de agosto de 2012, agás as cláusulas 2ª.1 (prezo) e 5.1 (prazo de execución), que están modificadas polas letras anteriores deste apartado da presente resolución.  
- Polo proxecto técnico das obras aprobado en data do 10 de agosto de 2012, redactado polo Arquitecto Técnico D. José Antonio González del Oso.

**3º.** Dispoñer o gasto que comporta a presente adxudicación, co IVE incluído, con cargo á partida 2012.920.622.00 do Estado de Gastos do orzamento en vigor e conforme ás indicacións da Intervención segundo o informe de fiscalización previo a esta resolución.

**4º.** Notificar a presente á totalidade dos licitadores, incluíndo ao adxudicatario, a quen se citará para a formalización do contrato administrativo que, en todo caso, haberá de subscribirse no prazo máximo dos quince días hábiles desde o seguinte ao da recepción da indicada notificación.

**5º.** Contra o presente acto comprensivo da adxudicación e que pon fin á vía administrativa (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común), poderá interpoñerse polos interesados e, especialmente, polos licitadores, ante a Presidencia deste Consorcio e postestativamente, recurso de reposición, dentro do prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da dita notificación da adxudicación definitiva e, notificación da adxudicación definitiva e, en tal caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso – administrativo, ata en tanto que o de reposición sexa resolto de forma expresa ou se producira a súa desestimación presunta (art. 116.2 da citada Lei 30/1992, de 26 de novembro). O prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo posterior ao de reposición será:

- a) De dous meses desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución expresa del recurso de reposición.  
b) Caso de non se dictar resolución expresa, o prazo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado presuntamente o recurso de reposición.

Poderá nembargante interpoñerse directamente o recurso contencioso - administrativo ante o Iltmo. Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous (2) meses contados a partires do día seguinte ao da recepción da notificación do presente acto da adxudicación do contrato (todo isto, consonte a canto queda establecido ao efecto pola Disposición adicional décimo carta d Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que modificou o art. 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, así como arts. 46.4 e 116.2 desta última).

**6º.** Publíquese certificación ou extracto desta resolución no perfil do contratante na forma regulamentariamente establecida, aos efectos de transparencia, publicidade, público coñecemento e cumprimento do disposto na cláusula 16ª do prego de administrativas particulares e emítase, así mesmo, a correspondente certificación para a súa unión ao expediente de orixe, e como anexo que corresponda ao contrato que formaliza esta adxudicación segundo se cita no apartado 4º da mesma.

2/9  
2/2  
Secretaría Intervención  
CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA



<<Rematado (...)>>

E para que así conste e na unión cos documentos que proceda xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e praxe do Iltmo. sr. presidente, en Carballo, quince de outubro de dous mil doce.

V.º e pr.  
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

